



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Colexio de Educación Infantil e Primaria  
Sada e contornos

Avda. Sada e contornos s/n.  
15160 SADA A CORUÑA  
Tlfno e Fax 981 620 337  
Correo electrónico: ceip.sada@edu.xunta.es

# Xaquín Lorenzo Fernández



## Letras galegas 2004


C.E.I.P. Sada e contornos

"Un vran, na aldeia, tendo eu dezaseis anos, fixen, por enredo, un carriño de bois aproveitando uns anacos de táboas vellas; logo, sen un fito determinado, anotei nun papel os nomes que alí daban ás pezas que o forman.

O comenzalo curso tornei a Ourense e un meu parente faloulle a Cuevillas, non sei con que motivo, do carriño que eu figuera. Cuevillas quíxome coñecer e unha noite fun ó Club, onde il ia á serán, co meu enredo na blusa. Mostreillo; ollouno de vagar, leu as notas que eu esquibira e mandou precurar uns libros que tiña no gabán. Cando llos trougueron, deumos e díxome:

-Tome. Co que vostede ten e co istes libros, faga un estudo encol do carro.

Xaquín Lorenzo



## DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas"




"Hai moita xente que pensa que esto da etnografía, do estudo da causa popular, presupón o desejo de fixala, que a xente siga vivindo o mesmo, que siga facendo as mesmas cousas... Non se trata de anquilosar, non se trata de momificar unha sociedade. Trátase de estudiala e continua-la dunha maneira lóxica, atemperada aos tempos, á evolución e ás novas técnicas. Ter un arado roman, non (para) usalo, senón gardalo e coñecer... as raíces da nosa cultura para comprender a nosa historia e coñecer a nosa identidade."

Xaquín Lorenzo



## Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas"

Xaquín Lorenzo Fernández, "Xocas", nace en Ourense o 23 de xuño de 1907. Seu pai, Lorenzo Álvarez, influíu dunha forma decisiva na súa formación intelectual e humana. Realizou os seus estudos de bacharelato no Instituto Xeral e Técnico de Ourense onde coñece a Ramón Otero Pedrayo, quen foi profesor seu.



A: B: C:


amizade con Otero Pedrayo e Vicente Risco. En 1931 asinou xunto con Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e outros o manifesto do partido Nacionalista Republicano e máis tarde ingresou no Partido Galeguista.

Ós vintecinco anos, en 1932, é nomeado director do museo Etnográfico do seminario de Estudios Galegos.

Pasada a Guerra Civil retoma as súas investigacións etnográficas e arqueolóxicas en Ourense, participando en diversas iniciativas culturais.

Cursou estudos de Filosofía e Letras nas universidades de Santiago e Zaragoza. Durante a súa estancia en Santiago entrega a Florentino López Cuevillas un traballo sobre o carro, quen o presenta ó Seminario de Estudos Galegos, entidade da que será membro activo.

Colabora na revista "Nós" establecendo



Nos anos 40 traballa como guionista e narrador na elaboración dun documental "O carro e o home".

Nos anos 50 realiza traballos sobre elementos da tecnoloxía paleoindustrial como os mazos, os muíños de maré e continúa co estudio do carro.

A parte da súa labor docente tamén participou e impulsou diversas entidades culturais: colaborador do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, presidente do grupo Marcelo Macías, participou na creación da asociación Cultural Auriense, promoveu e impulsou o padroado do Pedrón de Ouro e foi membro numerario da Real Academia Galega. En 1976 fúndase o Padroado do Museo do Pobo Galego e en 1977 inaugúrase esta institución, que Xaquín Lourenzo presidirá ata o seu pasamento.




Na década dos anos oitenta concedéronlle diversos recoñecementos: fillo predilecto da provincia de Ourense, premio Otero Pedrayo, Medalla Castelao,...

O 21 de xullo de 1989 finou na súa casa en Lobeira (Ourense), deixando o seu legado intelectual ó Meso do Pobo Galego.


Destaca entre a súa obra "Etnografía e Cultura Material" que forma parte do traballo dirixido por Ramón Otero Pedrayo "Historia de Galicia" editado en Bos Aires (1962). Consta de catro apartados: A Terra, A Casa, Os Oficios e O Mar e os Ríos.

Foi etnógrafo, arqueólogo, historiador, profesor, debuxante, fotógrafo,... e percorreu os camiños, vales e castros de Galicia procurando atopar a auténtica alma popular galega.



17 de maio de 2004  
DÍA DAS LETRAS GALEGAS

# Xaquín Lorenzo



17 de maio de 2004



## DÍA DAS LETRAS GALEGAS

### Xaquín Lorenzo Fernández

Xaquín Lorenzo Fernández (Xocas) naceu en Ourense en 1907 e finou en Lobeira en 1989.

Iniciouse desde moi novo na investigación do folclore e a etnografía de Galicia. Ingresou no Seminario de Estudos Galegos cun traballo sobre o carro. Foi etnógrafo, arqueólogo, historiador, profesor, debuxante, fundador do Museo do pobo Galego, membro da Real Academia Galega e percorreu os camiños, vales e castros de Galicia procurando atopar a auténtica alma popular galega.

C.E.I.P. Sada e contornos  
Equipo de Normalización Lingüística



17 de maio de 2004



## DÍA DAS LETRAS GALEGAS

### Xaquín Lorenzo Fernández

Xaquín Lorenzo Fernández (Xocas) naceu en Ourense en 1907 e finou en Lobeira en 1989.

Iniciouse desde moi novo na investigación do folclore e a etnografía de Galicia. Ingresou no Seminario de Estudos Galegos cun traballo sobre o carro. Foi etnógrafo, arqueólogo, historiador, profesor, debuxante, fundador do Museo do pobo Galego, membro da Real Academia Galega e percorreu os camiños, vales e castros de Galicia procurando atopar a auténtica alma popular galega.

C.E.I.P. Sada e contornos  
Equipo de Normalización Lingüística



17 de maio de 2004



## DÍA DAS LETRAS GALEGAS

### Xaquín Lorenzo Fernández

Xaquín Lorenzo Fernández (Xocas) naceu en Ourense en 1907 e finou en Lobeira en 1989.

Iniciouse desde moi novo na investigación do folclore e a etnografía de Galicia. Ingresou no Seminario de Estudos Galegos cun traballo sobre o carro. Foi etnógrafo, arqueólogo, historiador, profesor, debuxante, fundador do Museo do pobo Galego, membro da Real Academia Galega e percorreu os camiños, vales e castros de Galicia procurando atopar a auténtica alma popular galega.

C.E.I.P. Sada e contornos  
Equipo de Normalización Lingüística



17 de maio de 2004



## DÍA DAS LETRAS GALEGAS

### Xaquín Lorenzo Fernández

Xaquín Lorenzo Fernández (Xocas) naceu en Ourense en 1907 e finou en Lobeira en 1989.

Iniciouse desde moi novo na investigación do folclore e a etnografía de Galicia. Ingresou no Seminario de Estudos Galegos cun traballo sobre o carro. Foi etnógrafo, arqueólogo, historiador, profesor, debuxante, fundador do Museo do pobo Galego, membro da Real Academia Galega e percorreu os camiños, vales e castros de Galicia procurando atopar a auténtica alma popular galega.

C.E.I.P. Sada e contornos  
Equipo de Normalización Lingüística



17 de maio de 2004



## DÍA DAS LETRAS GALEGAS

### Xaquín Lorenzo Fernández

Xaquín Lorenzo Fernández (Xocas) naceu en Ourense en 1907 e finou en Lobeira en 1989.

Iniciouse desde moi novo na investigación do folclore e a etnografía de Galicia. Ingresou no Seminario de Estudos Galegos cun traballo sobre o carro. Foi etnógrafo, arqueólogo, historiador, profesor, debuxante, fundador do Museo do pobo Galego, membro da Real Academia Galega e percorreu os camiños, vales e castros de Galicia procurando atopar a auténtica alma popular galega.

C.E.I.P. Sada e contornos  
Equipo de Normalización Lingüística










17 de maio de 2004

C.E.I.P. Sada e contornos

# DÍA DAS LETRAS CALEGÁS



Xaquín Lorenzo